

Documentación Proxecto Buscador Medicamentos

**Jorge Figueira Bandín
D.A.W
IES de Rodeira**

Índice de contidos

1. Introducción.....	3
2. Planificación e fontes de datos do proxecto.....	3
3. Tecnoloxías empregadas.....	3
3.1. Laravel.....	3
3.2. ReactJS.....	3
3.3. Google Maps.....	4
3.4. ReCaptcha.....	4
4. Presuposto.....	4
4.1. Man de obra.....	4
4.2. Infraestrutura.....	4
5. Manual do usuario.....	5
5.1. Pacientes.....	5
5.2. Farmacias.....	5
6. Documentación técnica.....	5
6.1. Diagrama de clases.....	5
6.2. Casos de uso.....	6
6.3. Base de datos.....	7
7. Futuras melloras.....	8

1. Introducción

Actualmente España conta con un gran número de medicamentos que se atopan en situación de falta de suministro. Esta situación provoca que moitos pacientes se teñan que recorrer as farmacias preguntando se teñen en stock os medicamentos que precisan.

Para solucionar isto BuscadorMedicamentos fai de intermediario entre as farmacias e os pacientes.

As farmacias poden rexistrarse na plataforma e unha vez feito, poden indicar cales son os medicamentos que en situación de falta de suministro que aínda teñen en stock.

Os pacientes, poden usar a páxina para localizar máis facilmente os medicamentos que precisan.

2. Planificación e fontes de datos do proxecto

A Axencia Española do Medicamento e Productos Sanitarios (AEMPS) dispon na súa páxina web de unha listaxe dos medicamentos que se atopan en situación de falta de suministro.

Os datos da AEMPS atópanse de xeito fraccionado en distintas páxinas en formato JSON, por eso unha consulta directa á paxina da AEMPS resultaría inviable. Para solucionalo optei por crear unha base de datos propia, que recollera todos datos das distintas páxinas da lista da AEMPS.

O resultado é unha taboa onde as columnas son os dintintos campos do JSON (cn, nombre etc.) que conta con todos os resultados da lista da AEMPS, para que a súa consulta resultase máis sinxela.

3. Tecnoloxías empregadas

3.1. *Laravel*

Para a estrutura básica da aplicación a tecnoloxía empregada é Laravel, un framework baseado en PHP. O motivo da elección de este framework é que facilita a implementación de moitos procesos:

- Todos os procesos relativos a xestión de usuarios: login, rexistro, confirmación de correo electrónico, recuperar o contrasinal etc.
- Posibilita a creación da base de datos directamente desde a propia aplicación.
- No aspecto visual, emprega plantillas para evitar a repetición de código. Ademáis, inclúe Bootstrap de forma predeterminada.

3.2. *ReactJS*

React é un framework de Javascript, dependente de NodeJs, que facilita o desenvolvemento de interfaces web máis interactivas como formularios máis dinámicos ou barras de progreso. Evitando así a recarga constante das páxinas.

Ademáis están dispoñibles librerías de para facilitar e personalizar a aparencia dos mapas de Google.

3.3. Google Maps

De entre todos os mapas dispoñibles (Bing Maps, Open Street Maps, Yandex Maps, Apple Maps etc) escollín Google Maps. As principais razóns para esta elección foron:

- A precisión: de todos os de Google son os máis precisos. Aínda que as veces tamén teñen fallos.
- Personalización: existen moita información e librerías para personalizar a aparencia e funcionalidades

O servizo de mapas de Google é un servizo freemium. De xeito que permite un número de consultas gratuitas ó mes. A partir de ahí empezariáanse a cobrar.

3.4. ReCaptcha

Para evitar os robots e o spam optei por implementar un sistema ReCaptcha dentro de todos os formularios expostos aos usuarios e susceptibles de sufrir abusos.

4. Presuposto

O presuposto plantea un coste aproximado xa que os gastos de infraestrutura varían en función do proveedor de servizos que escolla para desplegar o proxecto.

4.1. Man de obra

	Coste (€/h)	Horas	Total (€)
Planificación, busca de información e deseño	25	7	175
Fase de codificación	30	49	1470
Despliegue e instalación	25	3	75
			TOTAL : 1720 €

4.2. Infraestructura

	Coste mensual (€)	Coste anual (€)
Servidor	10	120
Dominio	-	15
		TOTAL: 135€

5. Manual do usuario

Hai que diferenciar o uso que os pacientes lle dan a plataforma do uso que lle dan as farmacias.

5.1. Pacientes

Entrar na páxina principal. Introducir o nome ou o código nacional do medicamento no buscador. No caso de que alguna farmacia conte co medicamento aparecerá ubicada no mapa. Entón o paciente poderá facer click sobre o marcador para ver a información de contacto da farmacia.


5.2. Farmacias

Antes de poder facer uso da aplicación as farmacias deben rexistrarse empregando o formulario indicado, e seguindo os pasos que inclúen a verificación do correo electrónico. Unha vez completado o rexistro poden acceder ao seu panel de usuario onde poden engadir medicamentos ao seu stock. Ademais no seu panel de usuario poden eliminar a súa conta de usuario ou modificar os datos da mesma.


6. Documentación técnica

O proxecto está baseado no framework de PHP Laravel. A documentación técnica fai referencia as clases e arquivos que se engaden sobre a estrutura básica de Laravel


6.1. Diagrama de clases



6.2. Casos de uso



6.3. Base de datos



7. Futuras melloras

Existen unha serie de funcionalidades que se poderían implementar en futuras versións.

- En moitas ocasións as autoridades demóranse en calificar un medicamento en situación de falta de suministro. Por eso poderíase implementar un formulario de proposta de medicamentos para incorporar á lista.
- Incluir un servizo de mensaxería para que permita os pacientes comunicarse directamente coas farmacias